

de construción e a supresión do ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral (BOE do 10 de decembro); o Real decreto 777/1998 (BOE do 8 de maio) polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo; a Orde do 21 de decembro de 1999 (DOG do 31 de xaneiro de 2000) pola que se regulan determinados aspectos relativos a autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica; o Decreto 296/1999 (DOG do 18 de novembro) polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e, a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o centro privado Cofisad da Coruña para impartir o ciclo formativo de grao superior de desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.

Segundo.-Suprimir o ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa, quedando a composición resultante segundo se especifica no anexo.

Terceiro.-Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Cuarto.-Queda o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro),

de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Provincia: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Concello: A Coruña.

Enderezo: r/ José Luis Burgallal Marchesi, 52-A.

Código do centro: 15026571.

Denominación: centro privado Cofisad.

Titular: Pedro Díaz Currás.

Composición resultante:

\* Quenda de mañá:

Familia profesional: administración.

1 ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

Familia profesional: informática.

1 ciclo formativo de grao superior de desenvolvemento de aplicacións informáticas (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

Familia profesional: electricidade e electrónica.

1 ciclo formativo de grao superior de sistemas de telecomunicación e informáticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

\* Quenda de tarde-noite.

Familia profesional: edificación e obra civil.

1 ciclo formativo de grao superior de desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

Familia profesional: informática.

1 ciclo formativo de grao superior de administración de sistemas informáticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

Familia profesional: hostalería e turismo.

1 ciclo formativo de grao superior de axencias de viaxes (1 unidade para 20 alumnos).

1 ciclo formativo de grao superior de información e comercialización turísticas (1 unidade para 20 alumnos).

*Resolución do 18 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos nas convocatorias de xuño e de setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.*

A Orde do 2 de abril de 2002 (DOG do 25 de abril), pola que se establecen as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos, establece no seu

artigo 4 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará anualmente as citadas probas e, no seu artigo 3, que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais autorizará os centros nos que se realicen as probas por proposta da delegación provincial correspondente.

En consecuencia, e en relación coa convocatoria das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos no ano 2005, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Convocar as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2005, conforme se indica nas epígrafes seguintes:

##### I. Condicións dos aspirantes.

1. Poderanse inscribir para a realización das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria aquelas persoas que teñan cumpridos 18 anos con anterioridade ao 31 de decembro do ano 2004.

2. Os alumnos matriculados de forma oficial nas ensinanzas de adultos de nivel III, nas modalidades presencial ou a distancia, para facer a inscrición nas probas libres deberán presentar ante a dirección do centro a renuncia ao dereito a ser avaliado pola matrícula oficial. A renuncia realizarase con anterioridade á presentación da solicitude de matrícula nas probas libres, xuntando copia da dita renuncia á solicitude. O incumprimento deste requisito leva á perda do dereito a ser avaliado na proba libre.

3. Para a realización das probas, os aspirantes acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

##### II. Contidos da proba.

1. As áreas constitutivas da proba están integradas nos seguintes grupos:

a) Grupo lingüístico. Comprenderá exercicios das áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e lingua estranxeira.

b) Grupo científico-tecnolóxico. Comprenderá exercicios das áreas de matemáticas, ciencias da natureza e tecnoloxía.

c) Grupo de ciencias sociais. Comprenderá exercicios das áreas de ciencias sociais, xeografía e historia, música e educación plástica e visual.

2. Cada delegación provincial, dous días antes da data de realización das probas, enviará un funcionario acreditado para recoller os protocolos de exames na Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Unha vez recibidos, en presenza do delegado provincial e do xefe do Servizo Provincial de Inspección, ou dos funcionarios nos que deleguen, os protocolos seranlles entregados aos

presidentes das distintas comisións avaliadoras que actúen na provincia.

3. As delegacións provinciais adoptarán todas as medidas necesarias para que, en ningún caso, poida ser coñecido o contido das probas antes da súa aplicación.

##### III. Centros nos que se realizarán as probas.

###### 1. Provincia da Coruña:

-Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero, s/n. A Coruña.

-Centro EPA de Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns, s/n. Ferrol.

-IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n. Santiago de Compostela.

###### 2. Provincia de Lugo:

-Centro EPA de Albeiros, praza da Milagrosa, s/n. Lugo.

###### 3. Provincia de Ourense:

-Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4. Ourense.

###### 4. Provincia de Pontevedra:

-Centro EPA Artes e Oficios, rúa Marqués de Valterra, 8-1º. Vigo.

-IES Valle-Inclán, avenida Montero Ríos, s/n. Pontevedra.

##### IV. Matrícula.

1. A solicitude de matrícula axustarase ao modelo que figura no anexo I e efectuarase na secretaría do centro onde se vaian realizar as probas.

###### 2. Os prazos de matrícula serán:

-Proba de xuño: do 18 ao 27 de maio, ambos os dous incluídos.

-Proba de setembro: do 1 ao 2 de setembro, ambos os dous incluídos.

3. Cada delegación provincial, a través dos medios de comunicación, dará coñecemento público dos prazos, os centros para a matrícula e as datas das probas dispostas na presente resolución.

4. O día seguinte ao pechamento da matrícula de cada convocatoria, os directores dos centros onde se vaian realizar as probas deberán comunicarlle por fax ás respectivas delegacións provinciais e á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais o número de aspirantes que solicitan a realización da proba.

5. As persoas matriculadas para a convocatoria do mes de xuño, se non superan a totalidade dos grupos da proba, consideraranse matriculadas para a convocatoria de setembro sen que teñan que presentar nova documentación.

### V. Data e normas de realización.

1. As probas celebraranse en sesións de mañá e tarde os días 15 de xuño e 8 de setembro para as respectivas convocatorias.

2. A sesión da mañá terá dúas partes; na primeira, de 9.30 horas a 12.30 horas, realizaranse as probas do grupo científico-tecnolóxico; na segunda, de 12.30 horas a 14.00 horas, realizaranse as probas do grupo de ciencias sociais.

Na sesión da tarde, de 16.00 horas a 19.45 horas, realizaranse as probas do grupo lingüístico.

A sesión da tarde dará comezo ás 16.00 horas e comprenderá os exercicios de:

#### a) Lingua castelá.

##### a.1) Exercicio de redacción.

A comisión avaliadora elixirá un tema para llelo propor aos aspirantes. O tema elixido debe ter preferentemente un contido de tipo social ou cultural e de ampla difusión local, autonómica, nacional ou internacional.

Na valoración da redacción que realicen os aspirantes terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, a presentación do tema e o dominio da ortografía.

O tempo para a realización será de tres cuartos de hora como máximo.

##### a.2) Cuestións de lingua castelá e literatura.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

#### b) Lingua galega.

##### b.1) Exercicio de redacción:

Aterse ao disposto no punto a.1 para a lingua castelá.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

##### b.2) Cuestións de lingua e literatura galegas:

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

#### c) Lingua estranxeira

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

### VI. Avaliación e puntuación das probas.

1. A avaliación das probas correspóndelle ao equipo de profesores que compoñe o tribunal. Estes profesores actuarán de maneira colexiada para establecer a cualificación de cada un dos grupos de áreas que integran as probas.

2. O equipo de profesores ao que se refire o punto anterior, unha vez avaliados os tres grupos de áreas e no caso de que un alumno fose avaliado nega-

tivamente nun grupo, poderá revisar novamente se se acadaron, en termos globais, os obxectivos establecidos para a etapa nese grupo.

Entenderanse acadados os obxectivos cando, a xuízo do tribunal, o aspirante amose un grao de adquisición das capacidades que lle permitan incorporarse ao mundo laboral, así como proseguir a aprendizaxe ao longo da vida. O tribunal poderá, cando o considere oportuno, convocar o aspirante a unha entrevista que sirva para aclarar posibles dúbidas sobre a valoración dese grupo de áreas.

3. Aqueles aspirantes para os que o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria por non teren acadados os obxectivos xerais desta etapa nun grao suficiente, conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas nos termos de suficiente, ben, notable e sobresaliente nos distintos grupos de áreas superados. Tales cualificacións deberán ser tidas en conta polos tribunais en sucesivas convocatorias, polo que non será necesario que o alumno volva realizar as probas dos grupos superados para proceder á proposta do título de graduado en educación secundaria.

4. Os aspirantes que acrediten ter superada algunha área nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria anteriores ao ano 2002 quedarán eximidos da realización da proba naquelas áreas avaliadas positivamente, axustando de forma porcentual a cualificación do punto VI, epígrafes 7 e 8 desta resolución.

5. Os aspirantes que acrediten ter superadas algunhas áreas de educación secundaria obrigatoria ou módulo número catro nos diferentes ámbitos de educación secundaria de adultos recollidos no anexo III quedarán dispensados da realización da proba naqueles grupos de áreas avaliados positivamente axustando, de forma porcentual, a cualificación do punto VI, epígrafes 7 e 8 desta resolución.

6. Durante o período de matrícula, os alumnos aspirantes poderán presentar na delegación que corresponda a solicitude de exención de lingua galega para os efectos de que non sexa obxecto de avaliación nesa convocatoria.

Terán dereito a exención aqueles alumnos que realizasen os seus estudos inmediatamente anteriores, medios ou básicos, en centros docentes doutras comunidades ou no estranxeiro.

Para solicitar a exención da materia de lingua galega utilizarase o modelo que figura no anexo II desta resolución no que se expresarán as razóns polas que se solicita a exención.

As solicitudes presentaranse na delegación correspondente ao centro onde o alumno solicite a matrícula e acreditará, mediante copia cotexada do libro de escolaridade, os estudos realizados nos catro últimos anos anteriores ao de presentarse á proba.

A delegación provincial resolverá sobre a concesión ou a denegación, fará pública tal circunstancia no taboleiro de anuncios e comunicarllo ao presidente do tribunal que corresponda, polo menos tres días antes da data de realización da proba.

Contra esta resolución da delegación provincial poderase recorrer perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria nos prazos establecidos legalmente.

7. A cualificación de cada grupo de áreas outorgase de acordo coa seguinte escala:

a) Áreas do grupo científico-tecnolóxico.

Matemáticas. Puntuación máxima: 15 puntos.

Ciencias da natureza. Puntuación máxima: 10 puntos.

Tecnoloxía. Puntuación máxima: 10 puntos.

\* Total máxima puntuación: 35 puntos.

b) Áreas do grupo de ciencias sociais.

Ciencias sociais, xeografía e historia, música e educación plástica e visual. Puntuación máxima: 25 puntos.

c) Área do grupo lingüístico.

Lingua castelá e literatura.

Redacción. Puntuación máxima: 10 puntos.

Cuestións de lingua castelá e literatura. Puntuación máxima: 5 puntos.

Área de lingua e literatura galega.

Redacción. Puntuación máxima: 10 puntos.

Cuestións de lingua e literatura galega. Puntuación máxima: 5 puntos.

Lingua estranxeira. Puntuación máxima: 10 puntos.

\* Total máxima puntuación: 40 puntos.

8. Cualificación dos grupos de áreas

a) Grupo científico-tecnolóxico.

<u>Puntuación</u>	<u>Cualificación</u>
31 a 35 puntos	Sobresaliente
26 a 30	Notable
21 a 25	Ben
17 a 20	Suficiente
Menos de 17	Insuficiente

b) Grupo lingüístico.

<u>Puntuación</u>	<u>Cualificación</u>
36 a 40 puntos	Sobresaliente
31 a 35	Notable
26 a 30	Ben
21 a 25	Suficiente
Menos de 20	Insuficiente

c) Grupo de ciencias sociais.

<u>Puntuación</u>	<u>Cualificación</u>
25 puntos	Sobresaliente
21 a 24	Notable
16 a 20	Ben
12 a 15	Suficiente
Menos de 12	Insuficiente

9. Puntuación mínima en cada área para superar o grupo correspondente.

a) Áreas do grupo científico-tecnolóxico.

Puntuación mínima

Área de matemáticas .....6 puntos.

Área de ciencias da natureza .....4 puntos.

Área de tecnoloxía.....4 puntos.

b) Áreas do grupo de ciencias sociais.

Área de ciencias sociais, xeografía e historia, música e educación plástica e visual.....12 puntos.

c) Área do grupo lingüístico.

Área de lingua castelá e literatura .....7 puntos.

Área de lingua galega e literatura .....7 puntos.

Área de lingua estranxeira .....5 puntos.

10. No caso de alumnos exentos de lingua galega, a cualificación de áreas do grupo lingüístico outorgase de acordo coa seguinte escala:

Área do grupo lingüístico para alumnos exentos de galego.

Lingua castelá e literatura.

Redacción. Puntuación máxima: 10 puntos.

Cuestións de lingua castelá e literatura. Puntuación máxima: 5 puntos.

Lingua estranxeira. Puntuación máxima: 10 puntos.

\* Total máxima puntuación: 25 puntos.

Cualificación do grupo lingüístico para alumnos exentos de galego.

<u>Puntuación</u>	<u>Cualificación</u>
25 puntos	Sobresaliente
21 a 24	Notable
16 a 20	Ben
12 a 15	Suficiente
Menos de 12	Insuficiente

11. Cualificación global da proba. Os alumnos que aproben os tres grupos teñen superada a proba, polo que o tribunal fará a proposta de expedición do título

de graduado en educación secundaria ao delegado ou á delegada provincial que corresponda.

VII. Tribunais.

1. Os tribunais estarán constituídos, preferentemente, por un inspector ou unha inspectora de educación como presidente e catro vogais profesores do corpo de educación secundaria, preferentemente de educación de adultos, todos eles funcionarios en activo dos corpos da función pública docente, designados polo delegado, correspondéndolle un especialista para cada grupo nas áreas ou materias que compoñen as probas.

2. Á vista dos alumnos matriculados, as delegacións provinciais establecerán os tribunais que sexan precisos, e estes adoptarán as medidas que se consideren oportunas no caso de que se presenten alumnos con necesidades educativas especiais que o soliciten.

3. Os membros da comisión poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións, conforme

ao Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

4. Para os efectos de tramitación de expedición do título de graduado en educación secundaria, os candidatos serán propostos por cada centro no que se realizou a proba, e a denominación do centro figurará no título correspondente.

5. Logo de realizada a proba, os presidentes dos tribunais cubrirán a ficha estatística que se xunta como anexo IV e remitirana ao xefe do Servizo Provincial de Inspección. As devanditas fichas, co visto e prace do inspector xefe, enviaranse á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais antes do próximo 30 de xuño, para a convocatoria de xuño, e antes do 30 de setembro para a convocatoria de setembro.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2005.

María Luísa Castro Casas  
Directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

ANEXO I  
SOLICITUDE DE MATRÍCULA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais		Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.	
I. Datos persoais		Nome	
Primeiro apelido	Segundo apelido		
Data de nacemento		DNI	
/	/		
Enderezo/rúa		Número	Andar
		Localidade	Teléfono

II. Grupos de áreas nos que solicita a matrícula:

- Grupo lingüístico
- Grupo científico-tecnolóxico.
- Grupo de ciencias sociais.

III. Documentación que achega:

Fotocopia do DNI ou pasaporte

Certificación de notas co grupo ou grupos de áreas superadas en anteriores convocatorias das probas.

Outros.....

..... de ..... de 2005

Simatura

Asdo.:

DIRECTOR/A DO CENTRO.....

ANEXO II

SOLICITUDE DE EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA NA PROBA LIBRE DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	<b>Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.</b>
Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais	

DATOS DO SOLICITANTE

APELLIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CENTRO ONDE SOLICITA A MATRÍCULA	ENDEREZO	
EXPÓN	Que a situación do/a alumno/a é a que considera o Decreto 79/1994, nos seus artigos *2º e *4º, debido a que .....	
	Por todo isto SOLICITA:	
	Que se lle conceda a exención da materia da lingua galega para a convocatoria da proba libre de graduado en educación secundaria na convocatoria de ..... de 200.....	

\* Risque o artigo correspondente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <small>(Inde anual de convocatoria)</small>	
SINATURA DO SOLICITANTE	de ..... de 200...

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAIDA / /
REVISADO E CONFORME	

Delegado/a provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria .....

ANEXO III

Qualificación positiva nas seguintes áreas do 4º curso da educación secundaria obrigatoria	Qualificación positiva nos seguintes ámbitos da educación secundaria para persoas adultas	Equivalencia cos grupos de materias ou áreas da proba libre
Lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira	Cuarto módulo do ámbito da comunicación	Grupo lingüístico
Matemáticas, tecnoloxía e ciencias da natureza (ou física e química mais bioloxía e xeoloxía)	Cuarto módulo do ámbito tecnolóxico-matemático e cuarto módulo do ámbito da natureza	Grupo científico-tecnolóxico
Ciencias sociais, xeografía e historia, educación plástica e visual e música	Cuarto módulo do ámbito da sociedade	Grupo de ciencias sociais

ANEXO IV

PROBA LIBRE PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA MAIORES DE DEZA OITO ANOS

FICHA DE ESTATÍSTICA Centro: ..... Localidade: .....  
 Provincia: ..... Data de realización da proba: ..... de ..... de 2005. Número total de aspirantes inscritos: ..... Número total de aspirantes presentados: ..... Número total de aspirantes propostos para título: .....

1.- NÚMERO TOTAL DE ASPIRANTES PRESENTADOS, SEGUNDO IDADE E SEXO

ANOS	ATA 19	20 A 25	26 A 30	31 A 35	36 A 44	45 A 54	55 A 64	MÁIS de 64
HOMES								
MULLERES								
TOTAL								

2.- ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, SEGUNDO IDADE E SEXO

ANOS	ATA 19	20 A 25	26 A 30	31 A 35	36 A 44	45 A 54	55 A 64	MÁIS de 64
HOMES								
MULLERES								
TOTAL								

3.- NÚMERO TOTAL DE ASPIRANTES PRESENTADOS QUE SE PROPOÑEN PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

ANOS	ATA 19	20 A 25	26 A 30	31 A 35	36 A 44	45 A 54	55 A 64	MÁIS de 64
HOMES								
MULLERES								
TOTAL								

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Orde do 29 de abril de 2005 pola que se convocan as bolsas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2005.*

A Lei 12/1993, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1, establece como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 14 de marzo de 2002, aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

O plan está integrado por programas xerais, sectoriais e horizontais. Dentro dos programas horizontais figura o programa de Recursos Humanos, que ten entre outros obxectivos, o de incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+I, tanto en número como en especialización, nas áreas de maior interese.

Nesta orde, procédese á convocatoria de diversas accións formativas, que corresponden a este programa de Recursos Humanos, como son as bolsas para estudos de terceiro ciclo, as bolsas predoutorais, así como bolsas de estadías fóra da comunidade autónoma, que polas súas características, se encadran ademais de no programa de Recursos Humanos, no programa de Promoción Xeral da Investigación.

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento ten encomendada a xestión e o financiamento de ambos programas.

Polo que antecede, esta consellería,

*DISPÓN:*

Artigo 1º.

Convócanse en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, as bolsas que a continuación se indican e que constitúen accións formativas de investigadores, encadradas no programa de Recursos Humanos, que se rexerán polas bases que se inclúen como anexos a esta orde:

1. Prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento. (Anexo I).

2. Bolsas predoutorais (novas adxudicacións e 2ª prórroga. Anexo II).

3. Bolsas para estadías no estranxeiro e en centros españois situados fóra da comunidade autónoma. (Anexo III).

Artigo 2º.

As bases que rexen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos se deriven da súa aplicación, poderán ser impugnados polos interesados, nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3º.

O prazo máximo, para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 6 meses, contados desde a apertura do prazo anual de presentación de solicitudes, mediante a publicación da correspondente resolución no DOG. De non mediar resolución expresa no dito prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que se deriven desta convocatoria, que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte, ao que se produza o acto presunto.

Artigo 4º.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro do disposto nesta orde, quedan obrigados a facilitar toda información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 5º.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde, deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora percibidos desde o momento do seu pagamento, ata a data que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro,